



# GRUPO MUNICIPAL

**MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ**, Vicevoceira do Grupo Municipal MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello de Pontevedra, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN ao abeiro dos artigos 67, 117 e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, solicitando que o Concello **ELABORE UNHA ORDENANZA MUNICIPAL DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL** e instando á Xunta de Galicia ao **DESENVOLVEMENTO DA LEI 10/2014, DO 3 DE DECEMBRO, DE ACCESIBILIDADE**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Pontevedra conta cunha poboación de 82.946 habitantes (39.345 homes e 43.601 mulleres). O Censo da Xunta de Galicia de persoas con discapacidade recoñece 3.489 homes pontevedreses (en concreto: 2.007 física, 831 psíquica e 651 sensorial), e 4.074 mulleres (en concreto: 2.295 física, 1113 psíquica e 666 sensorial), cun rango de idade que vai desde o 6 anos atas mais dos 75. Cómpre sinalar que este censo só se refire a persoas que teñen recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, e non se contemplan as persoas que aínda están a espera de valoración de discapacidade, nin as que a teñen inferior a esa porcentaxe ou as que non teñan un diagnóstico médico que determine o tipo de discapacidade.

Cando falamos de discapacidade ou de diversidade funcional estámonos referindo a marcos conceptuais que afectan aos homes e mulleres que teñen limitada a posibilidade de desprazarse e/ou interactuar co seu entorno dun xeito seguro e con autonomía persoal, a causa dalgunha discapacidade física, sensorial (visual, auditiva e xordo-cegueira), e cognitiva.

Enténdese por accesibilidade universal a condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, e tamén os obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade, da maneira mais autónoma e natural posible. No transcurso do ciclo vital a maioría das persoas pódense ver afectadas por problemas de mobilidade e/ou comunicación. Por tanto, a accesibilidade é unha vantaxe para toda a cidadanía (persoas maiores, mulleres embarazadas e lactantes, bebés en carriños...)

En Galicia contamos coa Lei 10/2014, de 3 decembro, de accesibilidade de Galicia, que pon de manifesto que: “nunha contorna accesible e sen barreiras, as persoas con diversidade funcional melloran, de forma significativa, as súas habilidades e a súa autonomía, incrementan a súa participación e autoxestión na vida diaria e social, evitan situacións de marxinação, reducen a dependencia de terceiras persoas e incrementan a prevención desta dependencia”. Con todo, este marco normativo aínda está pendente de desenvolvemento.

No ámbito estatal, a disposición adicional terceira do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das

persoas con discapacidade e da súa inclusión social, determina o 4 decembro de 2017 como prazo máximo para esixir para o acceso e utilización de toda a contorna construída (inmobles ou establecementos, edificacións e espazos públicos urbanizados e edificacións).

Cómpre salientar a transformación da cidade de Pontevedra nos últimos anos. Esta transformación é máis coma unha obriga coa cidadanía que un mérito da corporación municipal. A colleita de premios podería dar a entender que xa está todo feito nesta materia, pero aínda queda moito por facer. Por exemplo, no sector do comercio (máis do 75 por cento dos locais de hostaleira) e en instalacións deportivas e de ocio (o pavillón municipal dos deportes carece de butacas reservadas e baño adaptados). Son lugares inaccesibles ou con atrancos e na súa sinalización ignórase ás persoas con discapacidade, sobre todo a sensorial. É o momento de apostar por una accesibilidade universal e inclusiva ante as barreiras tanto arquitectónicas coma de comunicación que perduran neste concello.

Por todo iso faise necesaria unha ordenanza de accesibilidade universal consensuada e participada por todos os actores implicados: colectivos de persoas con discapacidade, equipos técnicos municipais, sector de servizos, administracións, axentes sociais, é dicir, toda a sociedade pontevedresa.

Esta ordenanza será o instrumento que desenvolva e complete no ámbito municipal as diferentes normativas: galega, estatal, europea. En definitiva, garantirase o pleno dereito das persoas con discapacidade, e da cidadanía en xeral, a poder gozar dunha vida digna, adaptando os lugares, establecendo normas e criterios de accesibilidade nas infraestruturas, no urbanismo, na edificación, nos espazos públicos e nos medios de transporte. Tamén nos sistemas de comunicación e a utilización dos bens e servizos.

Por todo isto, Marea Pontevedra presenta a seguinte

### **PROPOSICIÓN**

1. **Promover a elaboración dunha ordenanza municipal de accesibilidade universal**, inexistente nestes momentos, desenvolvendo os criterios europeos e estatais e buscando a mellora dun xeito inclusivo das normas aplicadas desde o Concello.
  
2. **Instar á Xunta de Galicia ao desenvolvemento da Lei 10/2014**, do 3 de decembro, de accesibilidade.

Pontevedra, 14.11.2015

A Vicevoceira do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

**MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ**